

MUCHOS HIJOS, UN MONO Y UN CASTILLO

317

[Gustavo Salmerón, 2017]

ESTREA EN NUMAX: 15.12.2017 | V.O. | TP

Muchos hijos, un mono y un castillo (2017, 90')

Dirección: Gustavo Salmerón

Guión: Gustavo Salmerón, Raúl de Torres, Beatriz Montañez

Participación: Gustavo Salmerón, Julia Salmerón

Montaxe: Raúl de Torres

Dirección de arte: Manuel Eslava Fajardo

Son: Abraham Fernández, Pelayo Gutiérrez, Ana Belén Martín

Fotografía: Gustavo Salmerón

Música: Nacho Mastretta

Produtoras: Gustavo Salmerón P.C (España)

Distribuidora: Caramel Films

Formato de proxección: DCP2K, 1.33:1

Idioma orixinal: Español

FILMOGRAFÍA

Desaliñada, 2001 [curtametraxe]

PREMIOS E FESTIVAIS

Karlovy Vary 2017 (Mellor documental), Hamptons International Film Festival 2017 (Mellor documental), Camden International Film Festival (Mellor documental), Donostia 2017 (Zabaltegi), Estocolmo 2017 (Nomeado a mellor documental), Toronto 2017 (Sección oficial)

SINOPSE

Muchos Hijos, un Mono y un Castillo son os desexos cos que soñou Julita Salmerón desde nena, e os tres se converteron en realidade. Cando o menor dos seus fillos se decata de que a súa nai perdeu a vértebra da súa bisavoa asasinada, gardada ao longo de tres xeracións, a familia emprende unha divertida búsqueda entre os máis peculiares e estraños obxectos que Julita foi acumulando ao longo dos seus máis de oitenta anos, mostrándonos unha áxil e divertida galería de personaxes. Mais o que en realidade Julita está a piques de encontrar é o verdadeiro significado da vida.

«Un documental encantador e de gran corazón. Logo de pasar 90 minutos de contacto preto deles, os espectadores sentiranse parte da equipa»

Ben Croll, SCREENDAILY



MUCHOS HIJOS, UN MONO Y UN CASTILLO

[Gustavo Salmerón, 2017]

★
EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

“Sempre pensei que a miña familia tiña algo especial”

Entrevista con Gustavo Salmerón
Por Daniel Martínez Mantilla

Nun intre do filme a túa nai di che que ninguén vai querer velo. En que momento te decatás de que, efectivamente, a túa familia tiña unha historia que pagaba a pena ser contada? Eu comecei a gravar hai 14 anos. Mesmo cheguei a pedir subvencións mais non mas deron porque non estaba clara a idea do filme. Fun reescribindo o guión estes anos tendo en conta o que estaba a pasar nas nosas vidas. Sempre pensei que tiñan algo especial. Cando os gravaba e vía despois o material sentía que estaba a pasar algo forte que ten a ver coa facilidade que teñen algunhas persoas para transmitir. A xeración dos meus pais ten esa capacidade de oratoria. Non había radio no pobo no que vivían. A televisión non chegou até os anos sesenta. A miña nai dedicouse ao ensino toda a vida, así que ten esa capacidade para contar historias. O punto de inflexión foi cando na miña familia falouse de que tiñamos que desalojar o castelo. Aí foi cando me dei de conta de que xa tiña o final da fita.

Vemos a teus pais e irmáns participando no documental e compartindo intres moi persoais. Houbo algunha liña vermella por parte da familia? Déronme liberdade

total. Tamén hai que ter en conta que nunca pensamos que o filme fose ter a transcendencia que acabou recibindo. Se soubese que nos ían facer tanto caso e que íamos gañar un festival de clase A como Karlovy Vary, se cadra tería sido diferente, mais están encantados co resultado. A resposta do público é tan bonita que foi un agasallo para eles.

Medrar nunha casa con cinco irmáns e un mono debe ter marcado a túa vida. Foi algo marabilloso. Lembro a miña infancia con algo incríbel. A miña nai almacenaba disfraces e sempre estábamos a xogar. Faciamos excursións, sempre había cousas que facer. Era algo moi caótico, pero moi libre. Meus pais déronnos unha educación moi artística. A min persoalmente axudoume moito. Cando estás nunha familia na que a túa nai ten unha capacidade creativa tan sobordante entras nese xogo.

Fixeches un filme moi español, polos seus personaxes, humor, polo seu repaso a episodios claves da nosa historia. Porén, gañaches en Karlovy Vary, estiveches en Toronto. Agardabas a universalidade do filme? Non me lembro quen dixo esta frase, pero vénme á cabeza iso de «fala do teu pobo e falarás do mundo». Mira o Almodóvar dos anos oitenta. Falaba de cousas moi concretas e moi localistas e creou grandes filmes que gustaban en todo o mundo. Alén de temas políticos e sociais polos que o filme pasa, en *Muchos hijos, un mono y un castillo* falamos, sobre todo, da morte, de deixar marchar as cousas, das

crises de fe e da familia. Ten moitos temas cos que, xa sexa un ou outro, a xente pode conectar. En Madrid ou na República Checa.

O cinema español deunos marabillosas. Paco León presentábanos a Carmina Barrios. Este ano coñecemos a Julita Salmerón. Perdémonos unha marabillosa actriz? Nunca falamos diso. Ela ten 82 anos agora mesmo. Actriz non sei, pero ten unha capacidade moi grande para transmitir, para estar presente no momento. Esa é unha habilidade que sempre me interesou como actor e que a ela lle sae de forma natural. Ten algo moi especial e imprevisíbel. En arte dramática chámanlle pausas especulativas. Nunca sabes que é o seguinte que van dicir.

A túa nai conta no documental que, logo de casar, decatouse de que só tiña tres desexos: ter moitos fillos, un mono e un castelo. A última pregunta é inevitábel. Cales son os tres desexos de Gustavo Salmerón? É a primeira vez que mo preguntan. Vouno ter que pensar... O que si teño claro logo disto é que lle quero dar menos importancia ao material. Empecei a desprenderme de cousas que en realidade non preciso. Non teño unha lista tan ambiciosa como a da miña nai mais creo que me valería con vivir do meu traballo, poder dedicarme a ser actor e director, e viaxar moito. Gozar do día a día en definitiva.

Publicado en www.revistavanityfaires/
Tradución: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

Cofre Hong Sang-soo. Intermedio [DVD]
Ahora sí, antes no, Hong Sang-soo. Cameo [BR & DVD]
Woman is the Future of Man, Hong Sang-soo. New Yorker Video [DVD]

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

Abónate e ven sempre por 4,5€

Faite NUMAX!